



INFORME EXECUTIVO

ANÁLISE DO INCREMENTO DO ESFORZO NOS PLANS DE XESTIÓN DE RECURSOS ESPECÍFICOS ENTRE OS ANOS 2015 E 2016.

1 Obxectivo do informe

O presente informe ten como obxectivo analizar se a entrada en vigor da Orde de 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia variou significativamente a asistencia de embarcacións e participantes nos plans de xestión.

2 Orixe e tratamento dos datos

Como información de base utilizáronse:

- Os recontos de días con despacho e vendas ás distintas modalidades de RREE das embarcacións de Galicia e as súas habilitacións asociadas (tripulantes ou mergulladores), sabendo o número de modalidades de RREE que contén o seu permex. Destes valores obtemos a media anual de asistentes diarios ós plans.
- O número de embarcacións e habilitacións autorizadas en cada un dos plans de xestión de RREE de Galicia

Deste xeito, para cada plan, no 2015 e 2016 recolleuse e calculouse a seguinte información:

- a. Embarcacións autorizadas no plan (potencial previsto)
- b. Habilitacións autorizadas no plan (potencial previsto)
- c. Media anual do nº de embarcacións asistentes diariamente
- d. Media anual do nº de habilitacións asistentes diariamente
- e. Media anual da relación habilitacións/embarcacións asistentes diariamente
- f. Utilización media das embarcacións do plan: c/a (%)
- g. Utilización media das habilitacións do plan: d/b (%).

Finalmente calculouse a variación interanual (2015-2016) expresada en porcentaxe (%) para cada unha das variables anteriores

Para as análises conxuntas, os datos foron agrupados por modalidades e para o conxunto de Galicia.



3 Resultados

3.1. Utilización do potencial previsto nos plans (embarcacións e habilitacións asistentes con respecto ao autorizado no plan)

En primeiro lugar analizouse se nalgunha das modalidades houbo variación da cantidade de embarcacións e habilitacións autorizadas nos plans entre o 2015 e o 2016, e non se atoparon diferenzas salientables: os plans mantiveron as súas dimensións entre os dous anos e non se podería atribuír ningunha variación na utilización dos plans á entrada en vigor da orde.

A **utilización xeral dos plans** (embarcacións e habilitacións asistentes con respecto ao autorizado no plan) é moi inferior respecto do potencial previsto neles:

- Nas principais modalidades (percebe, equinodermos, solénidos) a media anual das habilitacións activas diariamente sitúase por debaixo do 40% das autorizadas; no caso das embarcacións a media non acada o 50% en ningunha modalidade.
- No resto de modalidades as participacións de embarcacións e habilitacións non supera o 20% en ningún dos casos.
- Non existe un incremento significativo da porcentaxe de aproveitamento dos plans do 2015 ó 2016, e en algún caso é negativo (algas e políquetos).

3.2 Variación na actividade dos plans de xestión (media anual de embarcacións e habilitacións asistentes diariamente á explotación)


Aínda que con respecto ó potencial previsto nos plans non supoña unha gran diferenza, obsérvase certo incremento no número de **embarcacións e habilitacións asistentes** entre o 2015 e 2016.

a) En relación coas embarcacións e habilitacións asistentes á explotación

- Nas modalidades de percebe (10%) e equinodermos (14%) o incremento de embarcacións activas é pequeno
- Nos solénidos o incremento de embarcacións activas é maior (22%), pero sen que haxa un incremento de habilitacións activas notable (9 habilitacións activas máis entre 2015 e 2016). Observase tamén un incremento significativo da asistencia de habilitacións de equinodermos.



Compre salientar o aumento no interese produtivo por algúns recursos (solénidos, algas ou anemones) e polo tanto o incremento na utilización de embarcacións e habilitacións dedicadas a eles, que se ven dando dende antes do 2016. Polo tanto hai que considerar que os aumentos na utilización dos plans observados non son atribuíbles á entrada en vigor da Orde de 30 decembro de 2015 exclusivamente.



b) En relación coas habilitacións/embarcación asistentes á explotación

Nas principais modalidades (percebe, solénidos, equinodermos) o valor de **habilitacións por embarcación asistente** situase entre 1,5 e 2,1 tripulantes ou mergulladores por embarcación.

O uso das habilitacións por embarcación asistente aumentou escasamente entre o 2015 e 2016; por debaixo do 6% nas principais modalidades (Percebe, solénidos, equinodermos) e incluso de xeito negativo no caso dos solénidos (-14%) e o percebe (-4%).

3.3 Análise individual dos plans de xestión

a) En relación coas embarcacións e habilitacións asistentes á explotación

- No 70% dos plans non houbo un incremento significativo (>15%) e estable durante todo o ano das **embarcacións ou das habilitacións activas** entre o 2015 e o 2016.
- No 30% dos plans houbo un incremento significativo (>15%) e estable durante todo o ano, pero estes aumentos son pequenos en número e prodúcense en plans de pequenas dimensións: a meirande parte destes plans teñen menos de 5



embarcacións e os aumentos son de 1-2 embarcacións e 1-3 tripulantes máis no 2016.

b) En relación coas habilitacións/embarcación asistentes á explotación:

- O 92% dos plans non amosaron un incremento significativo estable das **habilitacións/ embarcación asistente** durante o 2016. Dos 8 plans que si o fixeron, 6 son das tres modalidades principais, e os aumentos foron pequenos, non superando 0,5 habilitacións/ embarcación en ningún caso.

CONCLUSIÓNS

1. En conxunto, os plans de xestión de RREE están infrautilizados ou mal dimensionados: **nas principais modalidades** (percebe, equinodermos e solénidos) **faise un uso efectivo de embarcacións e habilitacións inferior 50% ás previstas nos plans**. No resto de modalidades a utilización non supera o 20% do potencial.
2. **No 70% dos plans non houbo un incremento significativo (>15%) e estable durante todo o ano das embarcacións ou das habilitacións activas entre o 2015 e o 2016**. No 30% dos plans houbo un incremento significativo e estable durante todo o ano, pero estes aumentos son pequenos en número e prodúcense en plans de pequenas dimensións.
3. **Nun 92% dos plans non aumentou o uso das habilitacións dispoñibles nas embarcacións activas**. Dentro dos plans nos que houbo incremento, os aumentos foron pequenos, non superando 0,5 habilitacións/ embarcación en ningún caso.
4. Os incrementos de embarcacións e habilitacións activas observados non se poden atribuír exclusivamente á entrada en vigor da Orde de 30 de decembro de 2015, xa que pois **dende hai anos vense observando un incremento no interese na extracción nalgunhas modalidades dos recursos específicos (moi evidente no caso dos solénidos)**.

Como **CONCLUSIÓN XERAL**, pódese sinalar que **a implantación da Orde** de 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, **non xerou unha variación significativa no desenvolvemento do conxunto dos plans de xestión dos recursos específicos dende embarcación e no esforzo aplicado sobre os recursos**.